

f a m i l i a r

Á l b u m

2 0 0 6

A memoria en papel

Myriam de Liniers



A pesar da cantidade de medios expresivos que existen actualmente na arte (pintura, escultura, vídeo, *performance*...), a fotografía segue ocupando un lugar destacado. Talvez se debe a que case a partir do seu nacemento formou parte de nós, entrou nos nosos fogares, nas nosas vidas, puidemos ter acceso a ela con relativa facilidade, foi unha convivencia moi estreita, e, na actualidade, quen non fixo xa cheas de fotos coa súa propia cámara? Pois precisamente diso trata este *Álbum Familiar*, das fotos que fomos facendo ao longo da nosa vida e que sen quererlo ou sabelo se converteron no reflexo dunha época.

Aínda que no primeiro *Álbum Familiar* escollemos o período comprendido entre 1839 e 1939, neste segundo álbum quixemos reflectir unha época moi particular na historia española que abrangue a partir da posguerra, pasa pola ditadura e chega ata a democracia, desde 1939 ata 1978. Corenta anos da historia do noso país recollida en imaxes correntes, feitas por xente corrente, sen outra pretensión que o gozo ou a lembranza a través dunha imaxe nun anaco de papel.

Non deixa de ser interesante descubrir a evolución da fotografía neste período. Nos anos corenta e cincuenta España encheuse de fotógrafos. Por un lado, viñeron profesionais estranxeiros que cos seus traballos reflectían e denunciaban o momento en que viviamos. Fotografías

para axencias e revistas estranxeiras que eludían a censura que imperaba no noso país; en definitiva, fotografías cargadas de dor, desolación, esforzo e destrución. Se a selección e busca para o noso álbum a fixésemos en arquivos fotográficos convencionais, atoparíamos este tipo de imaxes.

Pero ao noso segundo *Álbum Familiar*, ao igual que o primeiro, non lle interesa mostrar a vida daqueles anos a través dese enfoque fotográfico. Falamos do tipo de fotografía que facían os estranxeiros durante ese período; e que facían entón os fotógrafos españois? Os nosos fotógrafos, aos poucos, fanse imprescindibles porque se comeza a comprender o seu traballo, a importancia da fotografía e a transcendencia que pode ter. O fotógrafo convértese nunha figura cotiá na sociedade. Pode ser visto viaxando aquí e alá, coa súa cámara ás costas e o seu estudio portátil detrás, de aldea en aldea reclamando a atención dos cidadáns e retratándoos. A xente accede gustosa a retratarse coa súa familia ou os seres queridos. Son fotografías diferentes ás dos estranxeiros. Son fotografías que non amosan o horror de nada porque tampouco hai ganas; simplemente son retratos en que se albisca ou adiviña a vida cotiá da época.

A partir dos anos sesenta, grazas ao despegue económico, case todos os fogares podían contar coa súa propia cámara, ata entón un ben practicamente

ENTORNO FOTOGRAFICO 2007

exclusivo das familias burguesas. A evolución desta arte continúa. Aos poucos, as fotografías de exteriores gañan terreo ás feitas en estudio ou con decorados ambulantes. Os rictos reláxanse, hai máis alegría nos rostros e nas actitudes dos españois, e empeza a ser normal o de se enfrontar á cámara doutra maneira. As imaxes son de persoas camiñando polas rúas das aldeas ou das cidades, escenas domingueiras no campo, xogos de nenos e maiores, incluso escenas de actitudes cariñosas. Aínda que non recibamos moitas fotografías dos anos sesenta e setenta (xa en cor), notamos a influencia deste cotián na disposición das persoas fotografadas. Nestes momentos aparece, ademais, algo que vai ser o complemento habitual do álbum familiar doméstico: o cine en súper 8. De maneira incipiente ao principio e case masiva ao cabo de poucos anos, os españois comezamos a realizar as nosas primeiras películas en plano caseiro: veraneo na praia, excursión á montaña, a primeira comunión... O súper 8 transpórtanos rapidamente a esta época e é representativo dela, polo que non podía faltar no noso *Álbum Familiar*.

Hoxe en día, que todo se pode fotografar e non hai momento que non estea rexistrado por unha cámara, seguimos valorando as fotografías antigas, xa que teñen o poder de poñer a traballar a memoria, de evocar nun instante, a través dunha imaxe, ese momento ou esa situación que doutra maneira, talvez, non puidésemos revivir.

Este segundo *Álbum Familiar* segue amosando lembranzas familiares e particulares, recordos do noso contorno, das nosas vivencias; son recordos amables porque falan das nosas persoas queridas, do contacto humano, de

sentimentos, de experiencias e logros; en definitiva, fotos nosas. É asombroso comprobar como a memoria está chea de trucos para evadir o malo e reter o bo. Grazas a estas fotografías, aparentemente sen valor, de visión subxectiva e moi reais, puidemos seguir a evolución de todo un país nunha época determinada, feito que as converte en moi valiosas.

Finalmente quixera dicir que temos que ver e gozar cada unha destas fotografías como o que son, sen levarnos a equívocos: unha porción de tempo moi, moi reducido. Pero non cabe a menor dúbida de que ese é o momento que quixemos escoller para inmortalizar o noso anaco de historia particular, e iso é o que a engrandece. No que todos estamos de acordo é en que eses momentos da nosa vida comprimidos nunha fotografía do álbum son máis claros e máis veces revividos. É a maxia da fotografía, o que se ve é máis difícil de esquecer.

Por iso, este é un proxecto intimista, sinxelo, evocador e máis importante do que parece, porque nos pertence a todos, porque nos recoñecemos dalgunha maneira nesas imaxes, nesas instantes gardados en papel, e porque nos fai dicir en máis dunha ocasión: «Esta mesma fotografía tiña a miña nai..., o meu pai..., os meus avós..., na casa da familia..., e mostráronme cando era pequena», «igualiña, igualiña a esta foto témola na casa...» A nosa intención é que neste *Álbum Familiar* calquera persoa de calquera recuncho poida sentirse identificada e o considere tamén o seu álbum.



María Huerga Vega. Vigo 1957.



Xogando contra o mar. A Coruña 1962



Son como nenas. Lugo 1966



Vendima no Ribeiro. Ourense 1952.



Nenos sostendo a súa prima. A Coruña 1970.

